

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xaneiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 18.10 horas do día 22 de xaneiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: Don Juan Marquina Fuentes

Interventora: Don José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 11 de decembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 11 de decembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN RELATIVO Á OBRA DE “AMPLIACIÓN, PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN DA RÚA CASANOVA”, NO MUNICIPIO DE LEIRO.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se é unha obra do Plan Provincial de 2019.

O Sr. secretario informa que si e que como sucede noutras moitas incorpórase ao exercicio seguinte para a súa tramitación.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación relativo á obra de “ampliación, pavimentación e humanización da rúa Casanova, no municipio de Leiro, das seguintes parcelas:

Parcela expediente	Referencia catastral	Tipo parcela	Propietario	M2 expropiación
A	2012801NG7921S0001ZQ	Solo urbanizado	Cándido Pérez Pérez/Carmen Pajarín Corbal	56,90
B	2012805NG7921S0001AQ	Solo urbanizado	José Fernández Martínez	118,90

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de 1 mes, de conformidade coa lexislación vixente.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2020.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, di que está a favor de todo o que sexa investimento a favor dos concellos, se ben volve a incidir que se apliquen criterios obxectivos de reparto, particularmente o da poboación do concello.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que este investimento aos concellos supón en torno ao 5% do orzamento da Deputación Provincial, que é unha cifra irrisoria para moitos concellos e moi lonxe do que sería desexable, non comparte a distribución lineal e que non ten en conta criterios tan determinantes como o número de habitantes e a dispersión da poboación, solicita que na modificación orzamentaria que se faga con cargo ao remanente de tesourería se aumente o investimento e se apliquen os ditos criterios.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a posición do seu grupo xa é coñecida e favorable ao denominado “Plan Único”, que recentemente a Deputación de Lugo aprobou un plan provincial por un importe aproximado aos 20 millóns de euros, que vai supoñer que cada concello dispoña en torno a 200.000 € ou 300.000 €, en función dos criterios do dito plan. Pide ao grupo de goberno que sexan valentes e aposten por un sistema parecido.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que o grupo de goberno toma nota de todas as contribucións realizadas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, recorda que un sistema de plan único e reparto en función de criterios obxectivos é o modelo que lle vale á FEGAMP, ao Partido Popular, ao PSOE e ao BNG nas outras tres deputacións de Galicia, polo que insiste en que se adopte un modelo similar.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno do seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2020 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.294.500,00 €	634.760,00 €	4.929.260,00 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	144.000,00 €		144.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	5.938.500,00 €	634.760,00 €	6.573.260,00 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	2.831.985,00 €	86.750,00 €	2.918.735,00 €
Rede Viaria Deputación	3.619.879,00 €		3.619.879,00 €

2º.- Somete-lo Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE MELLORA DA ESTRADA OU-540.-

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Os grupos de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Popular manifestan que recabarán información polo que reservan o seu voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Grupo Socialista (3); e a abstención do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a que inclúa no proxecto de mellora da estrada OU-540 que está a tramitar as variantes de Bande e Vereá.

2. Dar traslado deste acordo ao Consello de Goberno da Xunta de Galicia; á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; e a todos os plenos dos concellos das comarcas de Celanova e a Baixa Limia.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta en que estado se atopa a tramitación da modificación orzamentaria 4/2019, en particular as subvencións nominativas previstas para varios concellos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que o ritmo vai máis lento do desexado, se ben en moitas delas os concellos tampouco presentan a documentación coa rapidez e celeridade desexable.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, realiza un breve repaso sobre a situación da estrada provincial ao núcleo de San Vicente de Leira nos últimos anos. Solicita que se lle facilite información sobre o expediente expropiatorio que se tramita na Deputación e sobre o recurso que presentou unha das canteiras da zona contra o dito expediente, e roga que se colabore co concello no asfaltado e mellora dos accesos existentes ao pobo, todos eles de titularidade municipal.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se lle facilitará o informe solicitado e que existe previsión para realizar os asfaltados das ditadas estradas municipais de acceso.

E, ás 18.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

